

O SEGREDO DO HORTO DE LINO

Xa é primavera no Horto de Lino e as hortalizas nerviosas están, o concurso por ser a máis grande todas queren gañar.

As cabaciñas creuse as mellores porque varios anos foron os gañadoras: “Connosco prepáranse infinidade de receitas, rebozadas, á prancha ou recheas de touciño entrefebrado. Todo o mundo nolo di: sodes a alegría da horta!”

Cherri escoitaba moi triste o que a cabaciña dicía, era un tomate pequeno, pero dunha gran valía: “Todos somos importantes e témonos que unir para preparar receitas que se poidan compartir.”

Un gran tomate gritou desde a mata do lado: “Iso é unha bobada que di un tomate anano! Só comigo preparan unha ensalada perfecta, un pouco de aceite e sal e sérvenme na mesa”.

Cherri, mirando cara abaixo, dixo con moita tenrura: “Pois eu prefiro contar, coa miña amiga a leituga, facemos un gran equipo e unhas receitas moi chulas”.

Os chícharos defenderon a Cherri con enerxía. Eles tamén son pequenos, pero cheos de vitaminas!: “É inxusto que os grandes se crean tan necesarios, todos somos importantes e non polo noso tamaño”.

O pemento que tamén se vía gañador, púxolles verdes a todos e sacou o seu mal humor.

Na terra escondíase o máis valioso do horto, e Cherri diríallo cando chegase o momento: “O horto ten un segredo que pronto coñeceredes e cando isto suceda, de pelexar deixaredes”.

Ao día seguinte, presumindo de tamaño, recolleron os seus trofeos os gañadores dese ano: o tomate ocupou a terceira posición, o pemento a segunda e a cabaciña gañou.

Orgullosos presumían de ser as campioas,
que vivan os pequeniños!, gritaron os champiñóns.

Nese momento Cherri pegou un salto da súa mata
e desveloulles o segredo que cambiaría as súas caras:

“Preséntovos ás sementes dixo abrindo a súa chaqueta,
elas son moi pequeniñas pero a vida concentran.
Todos as necesitamos para poder existir,
se non se plantaron non estaríamos aquí”.

Cabaciña e tomate miráronse con horror
e o pemento que era verde, de vergoña arroibou.
Sentiron superiores e equivocáronse,
eles non eran importantes por ter maior tamaño.

Desde ese día no horto a todos respectouse:
sexamos grandes ou pequenos, todos temos valor.

Na seguinte cultiva as sementes plantáronse
e coidándoas con mimo os seus froitos apañaron.

Moi variadas hortalizas recolleron ese ano,
de diferentes cores e diferentes tamaños
e todas moi necesarias para alimentarnos san!